

Tema Selectividade - Tema 12

► O novo escenario xeopolítico:

- Desigualdade no mundo.
- Comercio desigual, débeda externa.
- Posición de España no mundo.



Prácticos Selectividade - Tema 12

- Mapa do PIB per cápita en Europa e no mundo.
- Gráfica de débeda externa total por rexións do mundo.
- Mapa de espazos centrais e periféricos no mundo.
- Gráfica ou táboa do Índice de desenvolvemento humano no mundo.



Conceptos Selectividade - Tema 12

Comisión Europea (páx 424)

Movimentos antiglobalización (páx 458)

Obxectivos do Milenio (páx 466)


Xeopolítica (páx 457)




Comisión Europea

É unha das principais institucións da Unión Europea. Representa e defende os intereses do conxunto da UE. Está composta por un Presidente, (actualmente o luxemburgués Jean Claude Juncker, desde novembro de 2014), un Vicepresidente, que é tamén o alto representante da Unión para Asuntos exteriores e Política de Seguridade e, por 28 Comisarios, un por cada país membro da UE. O presidente é elixido polo Consello Europeo e atribúe a cada Comisario competencias en ámbitos de actuación específicos. A Comisión supervisa e aplica as políticas da UE:

- a) Propón nova lexislación ao Parlamento e ao Consello
- b) Fai cumprir a lexislación da UE (xunto co Tribunal de Xustiza)
- c) Xestiona o orzamento da UE e asigna os Fondos
- d) Representa á UE na escena internacional, negociando acordos con outros países.



INSTITUCIONES DE LA UNIÓN EUROPEA



Movimientos antiglobalización

Corrente de protesta mundial que inclúe a dúzias de grupos de diferentes países que teñen en común o seu rexeitamento do capitalismo e do modelo neoliberal (baseado nunha política macroeconómica que pretende reducir ao mínimo a intervención estatal en materia económica e social). Nestes movementos danse cita colectivos que inclúen aos sindicatos, os intelectuais de esquerda, ecoloxistas, indixenistas, grupos desfavorecidos que acusan ao sistema económico de amoral e inxusto... Estes grupos levan máis dunha década traballando en cuestións relacionadas cos problemas causados pola globalización da economía mundial, ao deixar ao marxe a participación da sociedade, beneficiando só a uns poucos, e a custa da perda de identidade cultural e dun enorme deterioro do medio ambiente.



Estes grupos organizaron numerosas campañas para a condonación da débeda externa dos países pobres e a reforma de institucións como o Banco Mundial e o Fondo Monetario Internacional.



Obxectivos do Milenio

A ONU convocou a Conferencia Internacional do ano 2000, denominada *Cumio do Milenio*, na que 189 Xefes de Estado e de Goberno comprometéronse a conseguir, en 2015, os chamados **Obxectivos do Milenio**, ditos obxectivos de desenvolvemento humano son: erradicar a pobreza extrema e a fame; lograr o ensino primario universal; promover a igualdade entre os xéneros e a autonomía da muller; reducir a mortalidade infantil; mellorar a saúde materna; combater a SIDA, paludismo e outras enfermidades; garantir a sostibilidade do medio ambiente; fomentar a cooperación mundial para o desenvolvemento.



Xeopolítica

É unha rama das Ciencias Políticas que estuda o Estado como un territorio, ou un espazo, que condiciona a actividade política e establece relacións con outros Estados co fin de conseguir seguridade e benestar. Tamén se pode definir como a política dun Estado determinada pola súa posición xeográfica. A xeopolítica española, por exemplo, sempre coidou as relacións co mundo árabe a causa da veciñanza con Marrocos.

